



[Crear Usuario](#) [Acceder](#)



• [Portada](#)

- [Emprendemento](#)
- [Empresas](#)
- [Facenda Pública](#)
- [Innovación](#)
- [Opinión](#)
- [En profundidade](#)
- [GC](#)

Telefónica premia 5 proxectos galegos no HackForGood

Trátase de Pulsafe, Sanet e Anciáns SOS, dirixidos ao sector da saúde, e GreenScouter e Espectrofotómetro, relacionados co medio. Foron creados por estudantes das escolas de Enxeñaría de Telecomunicacións, Enxeñaría Industrial e Informática da Universidade de Vigo.

Por GC Emprende | Santiago de Compostela | 23/04/2015

opinar      [chuza!](#)

Os proxectos galegos Pulsafe, Sanet, Anciáns SOS, GreenScouter e Espectrofotómetro foron os vencedores locais da III edición de HackForGood, o maratón de desenvolvemento de aplicacións e dispositivos intelixentes celebrado por Telefónica o pasado fin de semana na Universidade de Vigo, e que congregou preto dunha trintena de alumnos das escolas de Enxeñaría de Telecomunicacións, Enxeñaría Industrial e Informática da Universidade de Vigo.

A plataforma Pulsafe, ideada por Antonio Martínez, César Alberto Pérez e Adam Anh Doan Kim, e orientada ao seguimento activo da saúde das persoas, obtivo o primeiro premio HackForGood Vigo, valorado en 1.000 euros. Propón unha aplicación para Smartphone, baseada en dispositivos wearables e enfocada á prevención da saúde, que permite realizar un seguimento das constantes vitais dunha persoa, configuración de alarmas ou alertas periódicas ou localización GPS.

O segundo premio HackForGood Vigo, valorado en 600 euros, foi para Sanet, unha aplicación destinada a mellorar a relación médica paciente e a centralizar a información sanitaria -citas médicas, receitas, medicación, etc. -, creada por Alfonso Fernández, Pablo Macías, Rubén Suárez, Pedro Tubio e Olivia Zulaica.

O terceiro premio HackForGood Vigo, valorado en 400 euros, recaeu no equipo integrado por Damián Fernández, Lara Moreno e Alejandro Vargas co seu proxecto Acianos SOS. Trátase dunha aplicación

destinada a persoas maiores que viven soas, e que permite realizar un seguimento do seu estado para poder evitar ou dar solución a situacións de risco como caídas ou outros problemas vinculados ao seu día a día.

O premio Think Big Vigo outorgouse ao proxecto GreenScouter, unha plataforma para localizar rutas limpas, utilizando datos de tráfico e de contaminación do aire. Os seus impulsores, Gabriel Otero, Javier López, Álvaro Pedreira e Jaime Alonso, accederán, como premio, directamente ao nivel 1 do programa emprendimiento social de Fundación Telefónica Think Big, dirixido a mozos de entre 15 e 26 anos, e que lles ofrece formación, mentoring e 400 euros para continuar desenvolvendo a súa idea.

Para finalizar, o premio Open Future Vigo foi para o proxecto Espectrofotómetro, dirixido a detectar contaminantes na auga, e desenvolvido por Víctor Figueira, Brais Arias, Mariña Aguirre, Alba Triñanes e Víctor Pérez. Como premio, recibirán mentorización personalizada no espazo de crowdworking de Telefónica Open Future co obxectivo de que o prototipo desenvolvendo evolucione cara a unha aplicación industrial. Este proxecto tamén foi o gañador do premio ao mellor reto proposto polos participantes en Vigo.

Sobre HackForGood

HackForGood é unha iniciativa promovida por Telefónica, a ETSI de Telecomunicación da Universidade Politécnica de Madrid, a Fundación Hazloposible e a startup MashmeTV co apoio da Rede de Cátedras Telefónica. As Cátedras Telefónica que participan nesta iniciativa son as radicadas nas seguintes universidades: Universidade de Las Palmas de Gran Canaria, Politécnica de Madrid, Politécnica de Valencia, Universidade de Sevilla, Universidade Católica de Murcia, Universidade Internacional de La Rioja e Universidade de Vigo. Ademais, tamén impulsan esta iniciativa as Universidades de Valladolid, Salamanca e Málaga.

¿Gustouche esta nova?

Colabora para que sexan moitas mais enviando un **SMS** coa palabra **GC** ao **25511**

Recomendar Sé el primero de tus amigos en recomendar esto.



Comenta

Se tes problemas ou suxestións escribe a webmaster@galiciaconfidencial.com indicando: sistema operativo, navegador (e versións). Agradecemos a túa colaboración.

Texto

¿Quieres deixar un comentario?

Nome

Imaxe

¿Que caracteres **alfanuméricos** hai na imaxe? **descarta espazos e signos**